

RESOLUCIÓN do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da primeira fase.

En sesión que tivo lugar o 30 de xuño de 2021, o tribunal nomeado por resolución de 22 de xuño de 2021 para valorar o proceso selectivo para a cobertura na Axencia Galega de Innovación de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría, adoptou o seguinte acordo:

Outorgar ao candidato presentado ao proceso de selección, David Ryan Glowacki (**0089**), a puntuación seguinte:

- Artigo 13.1. letra a), publicacións de carácter científico: 28 puntos.
- Artigo 13.1. letra b), participación en proxectos e contratos de I+D+i: 25 puntos.
- Artigo 13.1. letra c), comunicacións e/ou relatorios en congresos ou reunións científicas nacionais e internacionais: 10 puntos.
- Artigo 13.1. letra d), outros méritos relacionados co dominio ERC Ciencias Físicas e Enxeñaría: 8 puntos.

Total: 71 puntos.

De acordo co mencionado no artigo 13.1, o candidato disporá de tres días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe

O secretario do Tribunal

Benito R. Fernández Rodríguez

